




NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO NEGOCIADO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – SMBM	
Número expediente:	Documento:
CON/40/2017	CON11I19Z
4P63386Q4H3I4U0P15OQ	
	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DO SOBRE B “REFERENCIAS TÉCNICAS”, CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, DA OBRA “PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS PEDREIRA, PICOTA E OUTROS EN O VAL E O COUTO”

Reunidos na Casa do Concello, o día 6 de outubro de 2017, ás 12.40 horas, constitúese a Mesa de Contratación, para a apertura do sobre B “Referencias Técnicas”, criterios non avaliáveis de forma automática, para a contratación, mediante procedemento aberto, da obra “Pavimentación camiños Pedreira, Picota e outros en O Val e O Couto”, en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

A Mesa está formada por:

Presidenta: Dna. Marian Ferreiro Díaz (Alcaldesa)

Vogais:

- D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral da Corporación.
- D. Manuel Guillermo Antón Villamil, Interventor Substituto.
- D. Alfonso Veiga García, arquitecto técnico municipal.
- D. Juan Pablo Mauriz Romero, concelleiro delegado de Obras Públicas.

Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación.

Faise constar que a este acto público non asistiu ningún representante de ningunha empresa.

O Secretario da Mesa informa que todas as empresas presentadas á licitación foron admitidas, e que presentaron a documentación administrativa, agás a empresa DA SILVA CONTRATAS Y ASFALTOS, S.L., que presentou a súa proposición na Oficina de Correos o día 18 de setembro de 2017, pero a xustificación do envío foi remitido por correo electrónico ao Departamento de Contratación o día 19 de setembro de 2017, e foi recibida no Rexistro deste Concello o día 20 de setembro, polo que se considera fora do prazo de admisión de ofertas.



NARÓN

O artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, así como a cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta Contratación, establecen que no caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de Contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico **no mesmo día**. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.

De conformidade co establecido no artigo 27 do R.D.817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público, e despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta Mesa para o coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, a Presidencia procede á apertura dos sobres B "Referencias Técnicas", criterios non avaliados de forma automática, presentados polas empresas participantes no procedemento:

- LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
- CANARGA CONSTRUCCIONES
- JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A
- FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
- EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.
- OBRAS Y SANEAMENTOS GALICIA, S.L.

Estas propostas remitiranse aos técnicos para o seu informe, e unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do R.D.817/2009 de 8 de maio.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos da data indicada anteriormente, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu, o Secretario, dou fe, asinando comigo os membros da Mesa.